

**FUTURO****Mancomun.org celebra o primeiro aniversario****10.05.2007 A iniciativa galega polo software libre participou en máis de noventa eventos de promoción****EN REDE . SANTIAGO**

Mancomun.org, a iniciativa da Dirección Xeral de Promoción e Sociedade da Información da Xunta para promover e difundir o software libre, cumpriu onte un ano "como axente catalizador dos diferentes proxectos sobre software libre existentes en Galicia", segundo informa na súa web, na que se subliña que os eventos de difusión celebrados desde hai un ano, máis de 90, duplicaron os que tiveron lugar no bienio anterior". As pequenas e medianas empresas, o ensino non universitario e a administración local foron os sectores escollidos como principais destinatarios do traballo de difusión deste software que constitúe "unha alternativa tecnolóxica máis innovadora, de menor custo e cunha maior capacidade de adaptación ás necesidades dos usuarios".

Mancomun.org traballa en catro enderezos principais: "Conseguir desenvolver unha industria local de software competitiva, aumentar a produtividade das peme a través de tecnoloxías innovadoras, adaptables e gratuítas, introducir as TIC nos centros de ensino e conseguir un importante aforro nos custos tecnolóxicos da administración garantindo ademais a independencia tecnolóxica e o consumo responsable por parte do sector público".

O portal publicou neste primeiro ano máis de novecentas noticias e "tendeu tamén pontes de colaboración coas tres universidades para o desenvolvemento de software de mellora da accesibilidade e de xestión da peme e cos colectivos de promoción do GNU/Linux para organizar uns 40 actos ata o final do ano". Así mesmo "ofrece asesoramento a todo tipo de iniciativas sociais, educativas e empresariais que empreguen software libre. A Forxa, armario para os proxectos libres galegos, forma tamén parte da iniciativa".

Mancomun.org promoveu tamén a tradución de software ó galego: "Por unha banda coordinouse a localización de toda unha serie de produtos que permiten dispoñer dun computador totalmente libre e en galego incluíndo o escritorio Gnome, o conxunto de aplicacións ofimáticas OpenOffice.org -á que tiveron acceso unhas 45.000 persoas a través do portal ou dos CD repartidos pola Dirección Xeral-, o navegador web Firefox, o xestor de correo Thunderbird ou o programa de mensaxería instantánea Pidgin". Traballouse ademais "para a consolidación dunha comunidade tradutora que dinamízase a localización de software a través da ferramenta Entrans conseguindo grandes resultados como a tradución do interface do OpenOffice.org 2.2, o Firefox 2.0 ou unha serie de aplicacións educativas como Gcompris ou o Freemind. Co obxectivo de consolidar o software libre en galego na educación repartíronse 1.500 OpenOffice.org por todos os centros educativos de ensino non universitario e impartíronse cursos a docentes sobre o Entrans e o software libre.